

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o doce de agosto de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

14/568 CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACIÓN INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACIÓN PRAZA ABASTOS. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 5 de agosto de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I.- Contrato administrativo correspondente á realización de estudos e propostas técnicas sobre a Praza de Abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da Praza de Abastos asinado en data 24 de xaneiro de 2014 coa mercantil MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO S.A (MERCASA)
- II- Proposta da Directora do Proxecto URBAN de 9 de outubro de 2014 instando a tramitación de expediente de contratación da obra
- III.- Informe de Intervención Municipal de data 10 de novembro de 2014 de tramitación anticipada de gastos
- IV.- Providencia da Directora do Proxecto URBAN de data 17 de decembro de 2014 polo que se remite o CD co proxecto da obra así como a seguinte documentación:
 - Informe do Servizo Electromecánico e Industrial de 3 de novembro de 2014.
 - Informe do arquitecto municipal de 7 de novembro e de 21 de novembro, este último conclúe que o proxecto cumpre a normativa a supervisar polo servizo de arquitectura
 - Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 28 de novembro de 2014
 - Informe do enxeñeiro de montes de data 12 de decembro de 2014
 - Acta de replanteo previo do proxecto de data 17 de decembro de 2014 asinada polo arquitecto técnico municipal
- V.- Informe da Directora do Proxecto URBAN de data 19 de decembro de 2014 sobre cuestións a incluír nos pregos de cláusulas administrativas para a contratación das obras.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

VI.- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio cultural de data 27 de marzo de 2015 que informa favorablemente a intervención consistente en 'Comunicación aparcamento coa Praza de Abastos'

VII.- Informe do xefe de servizo de enxeñería de data 17 de abril de 2015

VIII.- Providencia da Directora do Proxecto URBAN de data 7 de maio de 2015 de remisión do proxecto definitivo da obra en CD.

IX.- Providencia de 4 de maio de 2015 da Directora do Proxecto URBAN polo que se achega copia en papel da versión final do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde para a Rehabilitación da Praza de Abastos de Lugo.

X.- Certificación da Tesourería Municipal de data 7 de maio de 2015 no que se pon de manifesto a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación presupostaria 24140.63900 do vixente orzamento xeral (RC 38489; CP 14UR4003)

XI.- Informe da Directora do Plan Urban referente ao importe da obra de data 12 de maio de 2015

XII.- Informes da Directora do Plan URBAN de datas 9 de xuño de 2015 sobre determinadas cuestións (sancións especiais) a incluír no prego

XII.- Novo proxecto en CD remitido en data 18 de xuño onde se define o PEM obrigatorio a executar no prazo especial de 33 días de peche da Praza.

XIII.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da obra de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 23 de xuño de 2015.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

2

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que serían aqueles 'que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante'. O obxecto deste contrato é a execución da obra de REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS elaborado por MERCASA en virtude do contrato administrativo asinado con ela o vinte e catro de xaneiro de dous mil catorce.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, de acordo co previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.




No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios económicos que serán obxecto de valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que todos son avaliados automaticamente

Terceira.- A realización das obras de rehabilitación da Praza de Abastos conforme ao proxecto técnico redactado por MERCASA forma parte dun proxecto mais amplo de modernización da Praza de Abastos de Lugo, que inclúe ademais do proxecto técnico básico e de execución das obras no edificio, as seguintes actuacións:

- Unha auditoría enerxética (instalación eléctrica e consumo de auga) coa proposta de intervención no edificio da Praza para a súa adaptación.
- Un plan de residuos para a Praza de Abastos coa proposta de espazos a dotar no edificio para o correcto tratamento dos residuos.
- Unha proposta de aproveitamento comercial do edificio e distribución de usos realizada a partires das orientacións sinaladas no prego de prescricións técnicas.
- Propostas de intervención valoradas para cada un dos postos da Praza para as inversións que deban acometer pola súa conta, tales como as derivadas da auditoría enerxética acompañados de cálculos de recuperación das inversións ou outras propias dos seus locais.

Todas estas actuacións teñen unha incidencia directa na actividade comercial realizada na Praza de Abastos por parte de todos os industriais que son titulares de concesións administrativas de postos no citado edificio, polo que se entende que teñen a condición de interesados nos diferentes expedientes administrativos que se están a tramitar e polo tanto deben ser notificados dos actos administrativos que lles afecten, entre eles, neste momento, a aprobación do proxecto de obras e a súa contratación.

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Alcaldesa Presidenta en funcións e Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS) e o Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico de obras de rehabilitación da Praza de Abastos de Lugo redactado pola mercantil MERCASA, con excepción das referencias contidas no mesmo á proposta comercial e/ou as posibles ubicacións concretas dos postos comerciais, que figuran en expediente aparte e serán obxecto de aprobación independente.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de rehabilitación da Praza de Abastos de Lugo redactado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello e que se transcribe literalmente a continuación:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS) Expte. Ref 27-2015

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a realización das obras de Rehabilitacion da Praza de Abastos de Lugo conforme o proxecto básico e de execución elaborado por MERCASA. Esta actuacion incluída no proxecto URBAN (iniciativa urbana) susceptible de poder contar co 80% de cofinanciacion da Unión Europea a traveso do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 Remodelacion Praza Abastos.

CNAE 2009: 43.99 Outras actividades de construción especializada n.c.o.p.

CPV.- 45454100-5 Traballos de restauración

Mediante a execución do contrato preténdese realizar un desenvolvemento integrado do centro histórico da cidade mediante a acción incluída no Proxecto URBAN de DESENVOLVEMENTO DO TECIDO ECONÓMICO APOIANDO A

4

ACTIVIDADE EMPRESARIAL. Dentro desta acción inclúese a realización de obras de adaptación da Praza de Abastos, modernizando as zonas infrautilizadas e adaptándoa aos novos usos para impulsar esta infraestrutura municipal como lugar da compra diaria de produtos de calidade e como atractivo turístico.

SEGUNDA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de obra , recollido e regulado no artigo 6 do TRLCSP que ten por obxecto a realización das obras de Rehabilitación da Praza de Abastos de Lugo conforme o proxecto básico e de execución elaborado por MERCASA. Esta actuación incluída no proxecto URBAN (iniciativa urbana) susceptible de poder contar co 80% de cofinanciación da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 Remodelación Praza Abastos.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.
- Real Decreto 614/2001 de 8 de xuño sobre disposicións comúns para a protección da saúde e seguridade dos traballadores para o risco eléctrico.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

Ademáis deste prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.
- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo incluído no proxecto da obra, ou o ofertado, se é o caso.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen prexuído das delegacións que teña conferidas.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 1.322.314,05 euros mais o 21% de IVE (277.685,95 euros), polo que o orzamento máximo de licitación ascende á cantidade de **1.600.000 euros** (UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS), que inclúe gastos xerais e beneficio industrial.

Faise contar a existencia de crédito suficiente na aplicación presupostaria 24140.63900 do vixente orzamento xeral por importe de 1.600.000 euros (RC 38489; C.P 14UR4003 Remodelación Praza Abastos)

Trátase dun proxecto que conta con cofinanciación nun 80% pola Unión Europea a traveso do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013) Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS

Faise constar que en virtude do artigo 89 do TRLCSP este contrato **non** está suxeito a revisión de prezos.

CUARTA. PRAZO DE EXECUCIÓN

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de **6,7 MESES (equivalente a 200 días naturais)** ou o ofertado polo contratista en días naturais contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten estar **clasificadas no grupo C, subgrupo 9 – carpintería metálica, categoría e)**

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Para isto, e de conformidade co artigo 64 do TRLCSP esíxese que os licitadores presenten o **compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente o seguinte persoal:**

- Un xefe de obra con experiencia en postos de xefe de obra en polo menos unha obra de reforma de Mercados ou prazas de abastos minoristas tanto públicos como privados por importe mínimo de 800.000 euros de PEM (nunha única obra)

O compromiso de adscripción presentarase mediante declaración conforme o modelo do **ANEXO IV** que se incluírá dentro do sobre A

Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.

No caso de que fose preciso a substitución do persoal comprometido os novos traballadores deberá cumprir os requisitos esixidos.

A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP e coa cláusula décimo terceira destes pregos de cláusulas administrativas, acreditar que dispon efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a clasificación conforme o establecido no artigo 52 do RXLCAP coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SIXTA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

SÉTIMA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **vinte e seis días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono, correo electrónico e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A Documentación Administrativa e letra B Oferta Económica

Para facilitar o rexistro das plicas presentadas polas empresas licitadores, nos ditos sobres A e B identificarase de modo claro a REFERENCIA DO EXPEDIENTE (Expte.Ref 27-2015)

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula sétima, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA

O **sobre A, documentación administrativa**, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia autentica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar **bastanteado** por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable (conforme modelo do ANEXO III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán aportar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflita a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente. Se o certificado incluíse datos cuxa vixencia estivese caducada ou non fora válida ós efectos desta licitación o licitador poderá presentar o certificado xunto cos documentos que actualicen a dita información.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da clasificación no grupo C, subgrupo 9, categoría e)

6.- No caso de que as propostas fosen **presentadas por estranxeiros**, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)

-Acreditación de ter aberta sucursal en España con designación de apoderados ou representantes e inscritas no Rexistro Mercantil, En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

7.- **Compromiso de adscripción de medios persoais** que se compromete a adscribir á execución do contrato (conforme o modelo do **ANEXO IV** que se incluíra dentro do sobre A)

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre B, OFERTA ECONÓMICA, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS**

b) Que se compromete á execución do contrato conforme a seguinte oferta:

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

- Un prezo de euros máis un IVE (....%) de euros, resultando un total de euros IVE incluído

- Un prazo de execución total das obras de días naturais contados a partir da acta de comprobación do replanteo.

- A execución dun volume de obra a realizar no prazo de 33 días de peche da praza de euros de presuposto de execución material (PEM) **a maiores** do mínimo de obrigado cumprimento (249.139,19 euros)

** Deberá achegar dentro deste sobre B un orzamento detallado coas medicións de cada partida de obra total (a mínima obrigatoria e a ofertada a maiores) que se compromete a realizar durante este prazo de 33 días conforme se establece na cláusula décimo segunda.*

c) Comunico que a empresa que represento SI/NON (sinalar o que proceda) **ten previsto subcontratar** a realización parcial deste contrato por un importe de euros á empresa sen perxuízo da comunicación que se realizará no caso de realizar outras subcontratacións durante a execución da obra de conformidade co artigo 227 do TRLCSP

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 320 e na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o competente para a valoración das ofertas.

Esta Mesa estará constituída por un Presidente que será un membro da Corporación ou un funcionario desta, un mínimo de cinco vogais , entre os cales estará o titular da Asesoría Xurídica Municipal , o Interventor e outro vogal máis designado polo órgano de contratación así como o Secretario da Mesa que será un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa de contratación decidirase polo órgano de contratación, esto é, a Xunta de Goberno Local. Este acordo de designación dos membros da Mesa publicaráse no perfil do contratante cunha antelación mínima de sete días con respecto á sesión que se deba celebrar para a calificación da documentación no sobre A.

O acto de apertura da documentación incluída no sobre B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION

O **criterio de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán:

- MENOR PREZO OFERTADO: Ata 75 puntos

Obterá a máxima puntuación neste apartado (75 puntos) a proposición da empresa que oferte o prezo máis baixo. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prezo de licitación e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

- PRAZO DE EXECUCIÓN TOTAL DAS OBRAS: Ata 10 puntos

Obterá a máxima puntuación neste apartado (10 puntos) a proposición da empresa que oferte o prazo de execución máis curto (en días naturais). Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que oferten o prazo de execución máis alto co límite de 200 días naturais. As restantes ofertas de prazo de execución do proxecto valoraranse de xeito proporcional lineal.

O compromiso de redución do prazo total non supón compromiso de redución na mesma proporción do prazo parcial de peche da Praza.

- VOLUME DE OBRA A REALIZAR NO PRAZO DE 33 DÍAS NATURAIS DE PECHE DA PRAZA: Ata 15 PUNTOS

O plan de obra do proxecto prevé que a Praza deberá estar pechada durante 33 días naturais nos que se realizarán todas as obras de demolición, saneamento colgado, lousa de escaleira 2 e 3 e cimentación de escaleira central así como as obras dos postos novos. Durante este prazo é obrigado executar obra por importe de 249.139,19 euros de Presuposto de Execución Material indicado no proxecto.

Co obxecto de causar os menores prexuízos aos comerciantes da Praza, valorarase o compromiso de executar un volume maior de obra sobre este mínimo neste prazo.

- Obterá 15 puntos a empresa que oferte o PEM máis alto de obra a maiores do mínimo (249.139,19 euros) a realizar neses 33 días.

- Obterá 0 puntos a empresa que oferte 0 euros (enténdese que só realizará o PEM mínimo previsto no proxecto)

- Ás restantes ofertas de execución do obra a maiores valoraranse de xeito proporcional.

O compromiso de **obra total a realizar neses 33 días de peche** (incluíndo a parte obrigatoria e a ofertada a maiores) para ser valoradas neste criterio presentaranse como un presuposto con medicións seleccionando directamente do presuposto de obra editable que se achega coa documentación, as partidas (ou as súas partes) que se comprometen executar neses 33 días.

Este documento permitirá un adecuado control na execución da obra de modo que a existencia dun posible erro por ausencia dalgunha partida obrigatoria no orzamento presentado neste sobre B non implicará en ningún caso a renuncia á execución do PEM mínimo de obrigado cumprimento.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

Polo tanto, a forma na que se presentará e o detalle será idéntico ao que ten o **presuposto** conservando igualmente as medicións, os prezos por partida, os totais de partida, capítulos e un total de obra a realizar. Non se considerarán compromisos de obra que se presenten con outro formato ao considerar que puidese levar equívocos. Para esa valoración non se terán en conta os gastos considerados nos capítulos 32,33 e 34.

DÉCIMO SEGUNDA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar a **disposición efectiva dos medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato** e, particular deberá achegar:

1º.- Escrito asinado polo licitador de disposición efectiva de traballadores coa experiencia esixida nestes pregos para a execución do contrato conforme o seguinte modelo:

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, coa finalidade de ser adxudicatario da **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS , dispoño efectivamente para a execución do contrato do traballador que a continuación se indica e declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que nesta relación se reflicten son certos e veraces:**

RELACION DE TRABALLADORES			
XEFE DE OBRA: NOME E APELIDOS			
Titulo da obra e localización	PEM da obra * <i>minimo esixible</i> <i>800.000 euros para cada obra</i>	Data inicio obra Data fin obra	Posto de traballo desempeñado
Obra 1:			

RELACION DE TRABALLADORES			
XEFE DE OBRA: NOME E APELIDOS			
Titulo da obra e localización	PEM da obra * <i>minimo esixible</i> 800.000 euros para cada obra	Data inicio obra Data fin obra	Posto de traballo desempeñado
Obra 2:			
(...) Obra n:			

2º.- Compromiso de disponibilidad para a execución do contrato asinado polo propio traballador relacionado no documento anterior.

De non cumprimentarse axeitadamente estes requerimentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO TERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional ue ,se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a UN MES dende a data da súa formalización, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

á licitación estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

No poderá iniciarse a obra sen a previa aprobación do **Plan de Seguridade e Saude** en virtude do real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. A tal efecto e no prazo máximo de quince días naturais dende a formalización do contrato o contratista presentará ante o Concello de Lugo o plan de seguridade e saúde que se pasará a informe do coordinador durante un prazo de sete días naturais. En todo caso o prazo máximo para a aprobación do plan será de un mes dende a sinatura do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. COMPATIBILIDADE CON TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no proxecto técnico aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista a Dirección facultativa así como os responsables do contrato (un técnico municipal que se nomee e maila Directora do Proxecto URBAN) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP ademais das propias da dirección facultativa nos contratos de obras previstas na dita Lei.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 219 do TRLCSP así como polo disposto no título V do Libro I (artigos 105 a 108) do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227 do TRCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

5.- Os traballos de movemento de terras da obra civil previstos para a comunicación entre o aparcamento público da Praza de Santo Domingo e a Praza de Abastos deberán realizarse de xeito simultáneo aos traballos de escavación arqueolóxica que executará unha empresa especializada, a cal achegará unicamente arqueólogos e restauradores. **Os movementos de terras (aínda que nalgún momento sexan de xeito manual) serán executados na súa integridade pola empresa construtora salvo cando os arqueólogos indiquen que os realizan eles directamente.** Sinálase que sobre esta zona se realizou unha escavación arqueolóxica para estudar a viabilidade do paso de comunicación, podendo, polo tanto, retirar o recheo en toda a zona xa estudada de xeito áxil. Achégase un anexo de memoria de escavación para que se coñeza a magnitude do traballo xa realizado. Non se poderá realizar ningún traballo de movemento de terras sen

16

presenza de arqueólogos a pé de obra. En todo caso, mentres haxa que compatibilizar a obra civil co traballo arqueolóxico, estarase ás ordes que dea a/o arqueóloga/o director/a da escavación e respectaranse os tempos que os arqueólogos necesiten para toma de datos ou para realizar retirada ou limpeza de materiais in situ en caso de aparición de restos, o cal podería ralentizar o traballo da adxudicataria nesta zona, cuestión que hai que ter en conta.

6.- Calquera que sexa a orde final da execución dos traballos durante o transcurso das obras, a **empresa contratista debe poñer os medios necesarios para asegurar a subministración provisional de todos os servizos para o correcto funcionamento da Praza de Abastos**, tales como subministración de auga, electricidade, saneamento, etc.

DÉCIMO SEXTA.- SUBCONTRATACION. CONDICION ESENCIAL DE EXECUCIÓN.

De conformidade co artigo 227 do TRLCSP a empresa contratista **non poderá** subcontratar prestacións parciais con terceiros que superen **o 60% do importe de adxudicación IVE incluído**

O licitador deberá indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto contratar, sinalando o importe, o nome e perfil empresarial definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnicas.

En todo caso o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito ó Concello de Lugo a súa intención de celebrar subcontratos o seu importe e indentidade do subcontratista.

A falta de comunicación da celebración de subcontratos así como a infracción dos requisitos establecidos no artigo 227.2 do TRLCSP dará lugar a la imposición de penalidade de ata o 50% del importe del subcontrato.

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prego así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSP.

DÉCIMO SÉTIMA.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCION

Co obxecto de promover o emprego de persoas con dificultades particulares de inserción no mercado laboral e de conformidade co artigo 118 da RDL 3/2011 sinálanse como condicións especiais de execución do contrato a obriga de contratar ou subcontratar traballadores que sumen un mínimo de 20 mensualidades (cando

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

ás contratacións sexan a tempo parcial calcularase o seu equivalente a xornada completa) a persoas dos seguintes colectivos:

2.1. Alumnas/os procedentes dos diversos cursos de formación ocupacional do Proxecto URBAN en oficios relacionados coa construción (preferentemente ás/os alumnas/os procedentes do curso de reforma de interiores; no seu defecto ás/os alumnas/os dos cursos de pavimentadora/or, cantería, e madeira por esta orde).

2.2. Outras persoas en desemprego que participen nalgunha actuación do fomento do emprego incluída no proxecto URBAN.

A oficina URBAN facilitará inicialmente a relación das/os posibles candidatas/os procedentes dos cursos de formación ordenados segundo a valoración obtida na acción formativa aos que a contratista se deberá dirixir respectando a orde facilitada. En aplicación do principio de igualdade de oportunidades, en caso de alumnas/os coa mesma puntuación, darase prioridade ás mulleres.

No prazo de 30 días tras a sinatura da acta de comprobación de replanteo deberanse realizar polo menos dous destes contratos. O resto de traballadores incorporárase en número e momento que a empresa considere oportuno coa única limitación de que se alcance o mínimo de 20 mensualidades (calculadas a xornada completa) no momento de cumprirse o prazo de execución previsto no proxecto.

Nos cinco primeiros días de cada mes presentaranse a través do rexistro municipal a seguinte documentación destes traballadores:

- copia dos contratos das/os traballadores/as incorporados/as non mes
- copia das nóminas asinadas e xustificantes de pagamento
- xustificación dos pagamentos á seguridade social referentes a estas persoas

DÉCIMO OITAVA. GASTOS. CARTEL ANUNCIADOR.

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións para a ocupación do dominio público e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

Durante a execución das obras será necesario instalar un **cartel informativo** do cofinanciamento comunitario segundo o modelo que figura en www.lugo.gal/urban.

A situación e o tamaño serán os adecuados para que sexa doadamente visible. Antes da súa instalación, a Oficina do Proxecto URBAN será o visto bo ao deseño e a situación.

Serán de conta do adxudicatario os gastos correspondentes ao dito cartel anunciador da obra.

DÉCIMO NOVENA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de

seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servizo de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaia sobre a organización de prevención da empresa contratista.
- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das mesmas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.

◆ Coordinación de actividades empresariais.

No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:

- O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
- O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, productos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.

◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:

- Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
- As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.

◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.

◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarase da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.

◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará

responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó Concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 223 do TRLCSP, as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

Calquera incumprimento das obrigas sinaladas nesta cláusula que supoña un dano ou perxuízo ó Concello de Lugo deberá ser compensado polo contratista sen perxuízo da resolución do contrato.

VIXÉSIMA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente a este prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP e nestes pregos en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período poderá ser aumentado polo adxudicatario na súa oferta. A garantía definitiva non será devolta ata que remate o prazo de garantía establecido.

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- O despexe final das obras, debendo o contratista restituir á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- O cumprimento das condicións especiais de execución.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo e que serán comprobadas e conformadas polos responsables do contrato e maila Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educacion.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes, sem perxuízo das modificacións que poidan levarse a cabo en función da organización municipal:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Organo Xestor: LA0005483: Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Unidade Tramitadora: LA0005540. Plan URBAN

Con cada certificación mensual o contratista deberá achegar unha declaración xurada do representante da empresa contratista de cumprimento dos compromisos de adscrición dos medios humanos presentados na súa oferta.

O pagamento efectuarase unha vez comprobadas e aprobadas as correspondentes certificacións e facturas que serán presentadas no Rexistro Municipal no prazo máximo de trinta días dende a prestación do servizo.

Ós efectos sinalados no artigo 218 do TRLCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- PENALIDADES

O órgano de contratación poderá impoñer penalidades ó contratista cando incurra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución establecidas na **cláusula décimo sétima** dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) , agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

b) Por incumprimentos contractuais ou cumprimento defectuoso.

Poderáanse impoñer asimesmo penalidades polos incumprimentos das condicións esenciais de execución así como das obrigas contractuais esenciais establecidas nas **cláusula décimo sexta e décimo novena** destes pregos así como pola reiterada obstrución ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Asimesmo poderán impoñerse penalidades polo incumprimento da súa oferta, en particular polo incumprimento da execución do presuposto de execución material (PEM) ofertado a realizar durante o prazo de 33 días de peche da praza.

Tamén poderán impoñerse penalidades polo incumprimento do compromiso de adscripción de medios persoais.

- Como regra xeral, a contía destas penalidades será un 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído), agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumplir as obrigas, condicións e demais requisitos para a subcontratación establecidos no artigo 227 do TRLCSP.

O importe da penalidade será ata o 50% do importe do subcontrato

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle foran imputables incurrise en demora en relación co **prazo total ofertado ou dos prazos parciais** establecidos no programa de traballo do proxecto de obra (agás os prazos parciais especiais previstos no apartado seguinte) estarase ó disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades se ben o importe das penalidades diarias será en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

e) Penalidade especial por demora dos prazos parciais especiais.

O proxecto da obra establece un **prazo parcial de 33 días naturais para realizar os traballos que a empresa se comprometa a executar conforme a súa oferta e para os que hai que pechar a Praza así como un prazo de 8,5 días naturais para a aplicación do solado continuo en catro zonas da praza** respectivamente (tal e como se reflicte no cronograma, o proxecto prevé facer estes traballos dividindo en catro partes iguais a superficie total da planta primeira polo que o prazo

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

de 8,5 días é o prazo de traballo en cada unha das partes, tempo no que non se poderá acceder aos postos)

Visto o informe da Directora do Plan URBAN obrante no expediente no que se manifesta as graves consecuencias que se poden derivar para os comerciantes polo incumprimento destes prazos parciais que afectan ao peche da praza así como ó acceso a algún posto , establécese para o caso de incumprimento destes prazos parciais de 33 días naturais así como do prazo de 8,5 días naturais para aplicación do solado continuo unha **penalidade de 1.000 euros/ día**.

En caso de non estar executados tódolos traballos (tanto os obrigatorios como os ofertados) pero que permita actividade dos titulares dos locais da Praza en condicións de seguridade sanitaria aplicarásese igualmente as penalidades por demora previstas neste apartado.

Esta penalidade especial xustifícase en que a obra implicará o peche da praza durante o prazo de 33 días naturais así como parcialmente o peche de accesos aos postos durante 8,5 días naturais coas consecuencias gravosas para os industriais da Praza , polo que é esencial que o contratista da obra respecte estes prazos parciais para evitar maiores danos que os previsibles por mor da obra e a conseguinte paralización da actividades dos postos.

Así, no caso de incumprimento dos ditos prazos esixiráselle ó contratista as penalidades indicadas neste apartado que teñen carácter de mínimo sendo **responsable asimesmo dos danos e perxuizos que esta demora cause, isto é, das posibles indemnizacións que se deriven polos danos ocasionados polo exceso do prazo de execución a partir do mínimo previsto, e en tanto supere o importe da penalidade indicada**.

Dado o prazo de execución que ten a obra, non se considerará xustificada unha solicitude de prórroga por dificultades de carácter arqueolóxico que teñan ralentizado a execución. A empresa contratista iniciará os traballos de movementos de terra (especialmente o que se refire á comunicación do aparcamento coa Praza) con tempo abondo para poder asumir no prazo total da obra un eventual atraso por incidencias de carácter arqueolóxico

f) Penalidades especiais.

Se por incumprimento das obrigas asumidas polo contratista , especialmente polo incumprimento dos prazos, o Concello deixase de percibir todo ou parte da subvención do FEDER ou da Deputación de Lugo concedida para a financiación desta obra, o contratista virá obrigado a **indemizar ó concello de Lugo pola cantidade igual á perdida**.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das certificacións correspondentes.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, así como polo incumprimento por

parte do adxudicatario das estipulacións contidas no prego de cláusulas administrativas, no prego de prescricións técnicas do proxecto e nos documentos que teñen carácter contractual que se sinalan na cláusula segunda, incluído o incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais do proxecto de obra Ós efectos do artigo 223.f), consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as obrigas e condicións esenciais sinaladas nas cláusulas **quinta, décimo sexta e décimo novena** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Ós efectos do artigo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas nos parágrafos anteriores e cos efectos previstos nos artigos 224, 225 e 239 do TRLCSP. Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sin perjuicio de la indemnización, en su caso, por los daños y perjuicios causados, en lo que excedan del importe de la garantía definitiva.

VIXÉSIMO CUARTA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostgos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O I

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			

25

TELÉFONO:		FAX:	
-----------	--	------	--

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores de (indicar o Rexistro) co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (**

INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS declara baixo a súa responsabilidade:

1º.- Que as circunstancias e datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) **non** experimentaron variación en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

2º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

3º.- Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

En, a de de 2015

Asdo:


Nota: As opcións 1º e 2º son incompatibles entre sí, sinale soamente a que corresponda.

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....,en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUIDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

COMPROMISO DE ADSCRIPCION DE MEDIOS PERSOAIS

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACION DA PRAZA DE ABASTOS DE LUGO. ACTUACION INCLUÍDA NO PROXECTO URBAN (INICIATIVA URBANA) SUSCEPTIBLE DE RECIBIR O 80% DE COFINANCIACION DA UNIÓN EUROPEA A TRAVERSO DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER GALICIA 2007-2013). Proxecto 14UR4003 REMODELACION PRAZA ABASTOS** comprométeme a adscribir á execución do contrato a un xefe de obra con experiencia como xefe de obra polo menos en unha obra de reforma en Mercado ou Praza de abastos minoristas tanto público como privados por importe mínimo de 800.000 euros de PEM (nunha única obra)

En a de de 2015

Asdo:”



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refº: 15x390140568

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-8-2015

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.600.000 euros con cargo á aplicación presupostaria 24140.63900 do vixente orzamento xeral (RC 38489).

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

QUINTO.- Notificarlles esta resolución a todos os interesados e dependencias municipais afectadas.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, dona Ana Prieto Nieto, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: JNl7yekWj2m8zdUfcCwdug==

SINATURAS

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO

SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

PAXINA: 29 / 29

DATAS(UTC)

14/08/2015 07:58:14

14/08/2015 07:58:15

